

PROGRAMACIÓN CULTURAL CONCELLO DE ENTRIMO

AGOSTO 2015

Dende o Concello de Entrimo infórmase, á poboación, que durante o mes de Agosto vanse levar a cabo neste Concello unha serie de actos culturais abertos ao público en xeral e de carácter gratuito que poden ser de interese. Ditos actos son os seguintes:

Día 7 de Agosto: CONFERENCIA do Dr. Diego Conde Gómez (Doutor en Veterinaria e IX Premio Manuel Murguía de ensaio). "UNHA VIAXE DENDE AS VACAS DA RAIA AO TESOURO DE GALICIA". (No que , entre outros temas, abordará a raza "cachena" de vacún. Oriunda da nosa zona). A Conferencia terá lugar na Casa de Cultura do Concello de Entrimo ás 20:00 horas.

Día 11 de Agosto: CONFERENCIA do Dr. Roberto Fernández Álvarez (Doutor en Medicina e Premio Cabaleiro Goas de Investigacións científico-médicas do 2013). " Médicos a caballo. Historia del médico rural en Ourense ". Sen duda, outra visión dos médicos rurales, galenos das aldeas, con moitas dificultades para traballar en boas condicións.

Día 12 de Agosto: V Xornada "Observando as estrelas". Entrimo é un dos lugares de Galicia con menor contaminación lumínica, o que sen dúbida, axuda a observar, se as condicións climatolóxicas acompañan, cos medios da Asociación de Astronomía de Ourense (AAO), o noso ceo. Haberá TELESCOPIOS no campo de fútbol de "Os Cruceiros", en Entrimo, para a observación do ceo, desde as 23:30 horas.

Dende o día **13 de Agosto ao 31 de Agosto:** EXPOSICIÓN DE PINTURA: CARMUCHA VÁZQUEZ PRATS (un dos pinces máis importantes da nosa Comunidade Autónoma). No Museo de Entrimo. Preferiblemente en horario de mañás. Recomendamos avisar no teléfono do Concello para concertar cita.

Día 14 de Agosto: XXXI XORNADAS INTERNACIONAIS DE FOLCLORE DE OURENSE. Na Terrachán de Entrimo. no recinto Toural. A partir das 20:00h.

Día 16 de Agosto: CONFERENCIA-DIDÁCTICA no interior do Templo de Santa María A Real de Entrimo. "SANTA MARÍA DE ENTRIMO.MONUMENTO EXCEPCIONAL DEL BARROCO GALLEGO". A cargo do Dr. Leopoldo Fernández Gasalla (Doutor en Xeografía e Historia. Miembro do Comité Español de Historia da Arte e do grupo de investigación da USC IACOBEOUS). Trátase de unha excelente oportunidade de conocer en detalle o Templo. Este acto dará comezo ás 20:00 horas.

Día 28 de Agosto: CONFERENCIA do Dr. Francisco Fariña Busto (Arqueólogo. Director do Museo arqueolóxico Provincial de Ourense). "MUNDO CASTREXO E TERRAS DE ENTRIMO". Ás 20:00 horas na Casa de Cultura do Concello de Entrimo.

Poderase obter máis información sobre estas e outras actividades que vaian xurdindo ao longo do verán no teléfono 988434666 (Concello de Entrimo) e na páxina web do Concello de Entrimo www.concelloentrimo.es.

Atentamente,

En Entrimo a 05 de Agosto de 2015.



Álvaro de Castro Palomares.

Concelleiro de Cultura

Concello de Entrimo